

MUSEO GALEGO DA MARIONETA

Sobre o museo

O Museo Galego da Marioneta, inaugurouse en outubro do ano 2001, Froito dun convenio de colaboración subscrito entre o Concello de Lalín e a compañía “Viravolta títeres”, que xestionou este espazo permanente para mostrar a súa colección de marionetas e fomentar o goce, investigación, estudo e recuperación da arte dos títeres; o museo amplía cada ano o seu fondo documental con incorporacións de novas pezas, libros, vídeos e outros materiais sobre esta materia.

A xénese deste recinto remóntase ao ano 1998, data na que o Museo Municipal “Ramón María Aller” de Lalín acolleu a exposición conmemorativa do décimo quinto aniversario da estrea do primeiro espectáculo de monicreques da compañía “Viravolta títeres”. Aquela exposición foi o xerme do *Museo Galego da Marioneta*, que en poucos anos converteuse nunha referencia ineludible para todos os interesados no mundo do monicreque; manteu unha programación estable cara ao público, organizando talleres de iniciación, cursos para profesionais dos monicreques e da educación e mostras de teatro de monicreques e outras actividades como Titerentroido, Titirideza, Ruada e Cantos e Contos do Nadal.

A finais de 2010, despois de 10 anos pechou as súas portas en espera dunha mellor ubicación, a partir dese momento a compañía Viravolta exhibiu habitualmente parte dos seus fondos en exposicións temporais.

En setembro de 2014 asinouse un novo convenio co Concello de Lalín asignándoselle a ubicación no **Pazo de Liñares**, finalmente, o día 13 de decembro abriu as portas, con dúas salas de exposicións e a biblioteca, iniciándose a programación de actividades.

Exposición permanente

No percorrido ao longo das dúas salas os/as visitantes poderán coñecer:

- o *As técnicas de manipulación.*
- o *As formas parateatrais: os xigantes e os cabezóns.*
- o *Os títeres no mundo.*
- o *A tradición dos títeres.*

Exposicións temporais

Ao longo do ano amósanse outros fondos -proprios e cedidos- sempre vinculados ao mundo dos títeres.

Biblioteca do Museo Galego da Marioneta

A do Museo é unha das bibliotecas especializadas máis completas do estado. Conta con centenaes de libros, carteis, folletos, fotos, vídeos, etc.

Visita guiada ao Pazo (declarado BIC en 2009)

Ademais de visitar as salas que acollen o Museo Galego da Marioneta, os/as rapaces/as farán unha visita guiada e adaptada ás súas idades polo edificio.

O Pazo de Liñares é unha casona barroca do século XVII. Desde a súa fundación ata principios do século XX pertenceu á familia fidalga dos Taboada.

É un edificio de gran tamaño con outros anexos como a capela, casas de servizo, alpendre... Destacan a súa magnífica lareira e a singular solaina. Ademais, neste pazo naceu, en 1895, o aviador Xaquín Loriga, coñecido por realizar en 1926 o voo Madrid-Manila.

Actividades no Pazo

A visita ao museo e o pazo poderase complementar con **espectáculos de títeres e obradoiros de elaboración de marionetas** para que os nenos e nenas disfruten do mundo das marionetas dun xeito máis práctico e atractivo.

**Duración da visita ao Museo Galego da Marioneta e ao Pazo + obradoiro: 2,5 h aproximadamente*

**Duración da visita ao Museo Galego da Marioneta e ao Pazo + obradoiro + espectáculo de títeres: 3,5 h aproximadamente*

Contacto Museo Galego da Marioneta

Pazo de Liñares-Prado

36512 Lalín

986 784 694 / 630 166 194

museodamarioneta@lalin.org

<https://museodamarioneta.wordpress.com/>

<https://www.facebook.com/MuseoGalegoDaMarioneta/>